

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A REHABILITACIÓN E EQUIPAMENTO DOS LOCAIS DO XULGADO DE PAZ.**

Ponteceso, 31 de maio de 2021

**REUNIDOS**

Dunha banda, **Juan José Martín Álvarez**, Director Xeral de Xustiza, facultado para a sinatura deste convenio de colaboración por Orde do Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, de data 27 de maio de 2021

E doutra banda, **Xosé Lois García Carballido**, alcalde presidente do Concello de Ponteceso, en representación do mesmo conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as Leis Orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado. Esta cláusula estatutaria resulta de aplicación respecto da previsión do artigo 37.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial, que establece que corresponde ao Goberno prover aos xulgados e tribunais dos medios precisos para o desenvolvemento da súa función con independencia. Naquela cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia. Entre as funcións traspasadas polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, a adquisición de todo tipo de equipamento mobiliario imprescindible para o correcto funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia.

**SEGUNDO.-** As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto non artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais non Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución dá Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**TERCEIRO.-** Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso coinciden na necesidade de rehabilitar e dotar de equipamento moderno as novas instalacións do xulgado de paz.

**CUARTO.-** A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso asinaron o 4 de novembro de 2020 un convenio cuxa finalidade era instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso para o financiamento da rehabilitación e adquisición do equipamento preciso para que as dependencias do Xulgado de Paz de Ponteceso sexan adecuadas para o desempeño das funcións que ten encomendadas. Dado que o Concello comunicou a imposibilidade de cumprir co obxecto do convenio en prazo e forma, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo resolveu en data 24 de xaneiro de 2021 a perda do dereito do Concello de Ponteceso ao cobramento da subvención.

**QUINTO.-** Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso coinciden en que sigue sendo preciso rehabilitar e dotar de equipamento moderno as novas instalacións do xulgado de paz.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso para o financiamento da rehabilitación e adquisición do equipamento preciso para dotar as dependencias do Xulgado de Paz de Ponteceso, de modo que sexan adecuadas para o desempeño das funcións que ten encomendadas.

##### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, considerarase gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período

comprendido entre o 1 de xaneiro e o 29 de novembro de 2021, data límite da xustificación do convenio.

#### **TERCEIRA.- CAPACIDADE**

Previamente á formalización do presente convenio, o Concello de Ponteceso presentou ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO**

O Concello obrígase a realizar os traballos de rehabilitación e mellora das instalacións do xulgado de paz e a adquisición do equipamento preciso para a realización das actividades que son propias do xulgado de paz.

Así mesmo, o Concello de Ponteceso comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio.
2. Xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio.
3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
4. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **QUINTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería Presidencia, Xustiza e Turismo (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Ponteceso os gastos para a rehabilitación e dotación de equipamento do xulgado de paz, ata un máximo de dez mil euros (10.000,00 €) con cargo á

aplicación orzamentaria 05.22.131A.761.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, aprobados pola Lei 3/2021, de 28 de xaneiro.

#### **SEXTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade O Concello de Pontevedra presentará unha declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación considerarase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, O Concello de Pontevedra deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

Para proceder ao pagamento, o Concello de Pontevedra presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control



da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados.
- Declaración do cumprimento do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o 29 de novembro de 2021.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Estas axudas serán compatibles con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

#### **OITAVA.- COMISION DE SEGUIMENTO**

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

#### **NOVENA.- VIXENCIA**

O prazo de vixencia do presente convenio será dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021, estendendo os seus efectos desde o 1 de xaneiro de 2021.



#### **DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE E CONFIDENCIALIDADE**

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

### DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.


De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, en duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data ao comezo sinalados.

O DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA



Juan José Martín Álvarez

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO  
DE PONTECESO



Xosé Lois García Carballido



**Orde do 27 de maio de 2021, pola que se delega a sinatura do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso para a rehabilitación e equipamento dos locais do xulgado de paz.**

De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 11 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en exercicio da competencia que me atribúe a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,

#### ACORDO

Delegar a sinatura do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Ponteceso para a rehabilitación e equipamento dos locais do xulgado de paz, na persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza en representación da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

